

BANDO

SOBRE A OBRIGA DE MANTER OS TERREOS E SOARES NAS DEBIDAS CONDICIÓN S DE LIMPEZA, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO E MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

D. Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui,

FAI SABER:

Que de conformidade co disposto no artigo 135.1.c, da Lei 2/2016, do solo de Galicia, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

Tendo coñecemento da existencia de maleza e monte baixo en moitas parcelas deste Concello, lémbrese aos titulares dos terreos e soares, que deben proceder, de ser necesario, a limpalos de maleza, retirar os residuos que se poidan atopar neles (lixo, entullos, etc.) e, en especial, os restos que supoñan un risco de incendio, como leña, polas, vexetación seca, cortizas ou materiais semellantes de fácil combustión, cara evitar posibles danos as persoas e bens.

Advírtese de que o incumprimento desta obriga e a negativa a atender ás ordes de execución que con tal motivo se diten por este Concello, levarán consigo a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente ata que se cumpra integramente o ordenado, podendo tamén a administración municipal acudir á execución forzosa subsidiaria a custa do infractor. Todo isto sen prexuízo de que se poidan esixir perante os tribunais da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no Código Penal.

Así mesmo se fai saber que a Lei 3/2007, do 7 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Artigo 21), modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, regula diversas obrigas, entre as que cabe sinalar as seguintes:

“.../... Será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no art 21 ter da presente lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de basura, parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento. Ademáis, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei. .../...”

SOLICÍTASE da cidadanía en xeral a maior colaboración no cumprimento das obrigas indicadas neste bando, cunha conduta responsable que contribúa a mellorar as condicións de limpeza, salubridade e ornato dos terreos e soares do noso municipio, así como evitar ao máximo o risco de incendios forestais e dar cumprimento ao establecido pola lexislación vixente nesta materia.

Tui, 29 de marzo de 2017.

O ALCALDE